

CURSO 2022-2023

ALUMNADO DE NOVO INGRESO : ACCESO POR CONVALIDACIÓN AOS NIVEIS SUPERIORES E AVANZADO.

O apartado 3 da convocatoria do curso 2022-2023

[https://hoxe.vigo.org/pdf/ema0/convocatoria_xeral2022_23.pdf], contempla a posibilidade de acceder directamente aos niveis superiores e avanzado mediante convalidación de estudos na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.

Indícase tamén que, a estes efectos publicarase a relación de vacantes existentes nos niveis: Medio, Superior, Perfeccionamento I e II e Nivel Avanzado.

En cumprimento do disposto nesa Convocatoria, infórmase no cadro seguinte, as vacantes existentes que poden ser obxecto de solicitude polas persoas interesadas que cumpran os requisitos esixidos.

PRAZAS DE NOVO INGRESO CURSOS SUPERIORES POR CONVALIDACIÓN

Especialidades	Horario tarde	Prazas	Horario mañá	Prazas
Pintura	Medio A	1		
Pintura	Medio B	1		
Pintura	Superior	3		
Pintura			Perfeccionamento II	9
Pintura	Avanzado	1		
Debuxo Artístico	Medio A	4		
Debuxo Artístico	Medio B	6		
Debuxo Artístico	Superior	4		
Debuxo Artístico			Perfeccionamento II	6
Debuxo Artístico	Avanzado	1		
Talla e Escultura na Madeira	Superior	4		
Talla e Escultura na Madeira			Perfeccionamento II	7
Ourivería	Superior	3		
Ourivería			Perfeccionamento I	4
Ourivería	Avanzado	2		
Artesanía en Coiro	Superior	1		
Artesanía en Coiro			Perfeccionamento II	4
Artesanía en Coiro	Avanzado	3		
Deseño e Encaixe de Palillos	Superior	6		

Moda e Confección			Perfeccionamento II	3
Moda e Confección	Avanzado	5		
Construcción Artesanal Instrumentos Musicáis (CAIM) : Zanfona	Superior	6		
Construcción Artesanal Instrumentos Musicáis (CAIM) : Zanfona	Avanzado	6		
Construcción Artesanal Instrumentos Musicáis (CAIM) : Gaita	Superior	3		
Construcción Artesanal Instrumentos Musicáis (CAIM) : Gaita	Avanzado	4		
Serigrafía Artística	Superior	3		
Serigrafía Artística			Perfeccionamento I	1
Serigrafía Artística	Avanzado	3		

3. ALUMNADO DE NOVO INGRESO: ACCESO A NIVEIS SUPERIORES POR CONVALIDACIÓN

3.1. Normativa de aplicación:

No apartado 3.3.2.2. da Normativa do Plan de Estudos da Escola (PEEMAO15) indícase que poderá facerse:

"Convalidación de nivel extraordinaria: de xeito excepcional poderán os alumnos (tanto de novo ingreso como matriculados) solicitar a convalidación dun nivel completo dunha especialidade.

Para poder optar a esta posibilidade deberá o interesado presentar unha solicitude motivada na que amose que posúe os coñecementos, aptitude e experiencia abonda para saltar un nivel. A solicitude será resolta pola dirección do Centro previo informe do mestre da especialidade e da xefatura de estudos.

Se é o caso, poderá esixirse unha proba práctica previa. Esta posibilidade está condicionada á existencia de vacantes no curso que se solicite. En cada convocatoria anual estableceranse, se é o caso, as normas específicas para esta solicitude de convalidación".

En relación con esta norma e no caso de existencia de prazas vacantes nos niveis Medio, Superior e Avanzado e Perfeccionamento I e II nas distintas especialidades, realizarase unha convocatoria extraordinaria para alumnado de novo ingreso, de xeito que persoas que acrediten competencia abonda poidan acceder a estes cursos sen ter que cursar os precedentes previstos no Plan de Estudos (PEEMAO15)".

3.2. Vacantes ofertadas:

O listado de vacantes ofertadas publicarase, nos prazos indicados na presente convocatoria, no taboleiro de anuncios da EMAO e web municipal.

3.3. Requisitos dos/as solicitantes

- As persoas solicitantes deberán acreditar, polos medios que se recollen nesta convocatoria, ter a competencia abonda para poder convalidar os coñecementos e aptitudes propios dos niveis Básico e/ou Medio da especialidade dada na EMAO.

- Esta acreditación poderá facerse cumprindo un ou varios dos seguintes requisitos:
 - Estudos previos acreditados da especialidade ou disciplinas afíns convalidables en calquera centro
 - Ter aprobado o curso básico da especialidade no seu día na EMAO sen rematar o restos dos niveis
 - Ter experiencia demostrable no sector correspondente á especialidade
- Non poderán acceder persoas matriculadas no curso 2021-22 na EMAO
- No caso de existiren máis solicitudes cá vacantes, terán preferencia, entre os que cumpran as condicións, aquelas persoas empadroadas en Vigo.
- Para o acceso ao Nivel Avanzado, os/as solicitantes deberán aportar un anteproxecto do traballo que propoñen realizar en réxime de titoría (ver convocatoria nivel Avanzado curso 2020-21 na web municipal).

3.4. Acreditación de cumprimento dos requisitos:

- En tódolos casos deberá presentarse un currículum vitae da persoa solicitante, salientando aqueles aspectos que teñan relación coa especialidade.
- Perfil profesional comprobable en redes sociais, se é o caso, indicando os enderezos de referencia en internet
- Os estudos previos con certificación do centro no que os cursaron, con indicación dos contidos do programa e horas totais.
- A experiencia acreditarase con informe do centro de traballo, taller artesano ou estudio na que a exerceran, con indicación do tipo de tarefas realizadas e tempo total.
- A EMAO poderá realizar, para a admisión definitiva, unha entrevista e/ou proba práctica aos/ás solicitantes.
- Anteproxecto do traballo proposto cando se queira acceder ao Nivel Avanzado.